

# CIG-SAÚDEinforma



Desde CIG-Saúde denunciámos a utilización política que fai o goberno da Xunta, da *contratación do persoal do SERGAS* durante a pandemia da COVID-19.

O SERGAS está a incumprir o pacto de contratacións e os acordos das comisións periféricas.

Isto está creando un grande malestar entre as persoas aspirantes das listas de selección temporal porque hai unha serie de contratos COVID-19 que **non se van rexeer polas normas e acordos do pacto** en canto a súa renovación e duración máxima.

- Dende **CIG-Saúde** non compartimos que estes ácumulos de tarefas se prolonguen máis aló dos 180 días que establece a orde de vínculos vixente.
- Para **CIG-Saúde** as acúmulos COVID-19 teñen que entrar na contaxe dos 180 días, da mesma maneira que se contabilizan os contratos de reforzo.

O SERGAS, amparándose en que os contratos COVID-19 se cargarán nun orzamento extraordinario do Estado, está a utilizar estes reforzos pola COVID-19 para a cobertura de necesidades estruturais, ausencias do persoal por permisos, vacacións, baixas médicas... **alterando completamente o sistema de contratacións** baseado nas listas onde se seguen os principios de igualdade, mérito e capacidade.

## Outro modelo de contratación durante a pandemia é posible!

**CIG-Saúde propón** que se oferten, respectando o pacto, os contratos de todas as ausencias por vacacións, permisos e baixas médicas.

**CIG-Saúde esixe** que os contratos que sexan necesarios para facer fronte á COVID-19, se fagan cumprindo o marco legal negociado na Mesa Sectorial, **respectando os criterios do Pacto de contratacións** e sen prexudicar ás persoas anotadas nas súas listas.

En todo caso, os contratos para cubrir as ausencias por vacacións, permisos, baixas médicas, etc, e os que sexan necesarios para facer fronte á COVID-19 terán que **garantir uns ratios de persoal mínimos** que permitan ofertar unha asistencia sanitaria de calidade con seguridade para pacientes e profesionais.

**CIG-Saúde solicita** que na Mesa Sectorial se negocie un plan de recursos humanos que analice as necesidades de persoal nas distintas unidades e centros.

- Eliminar a taxa de reposición
- Consolidación das prazas estruturais cubertas con acúmulos de tarefas durante anos.
- Coñecer as previsións de xubilación nos próximos anos nas distintas categorías, e que medidas se adoptarán para a súa cobertura.

**CIG-Saúde solicita** que se negocie con carácter urxente na Mesa Sectorial un plan de continxencia de cara ao último trimestre do ano en previsión dun posible repunte da pandemia:

- Para determinar os ratios de persoal das distintas categorías, tanto sanitarias coma non sanitarias, que serán necesarios para facer fronte á pandemia.

**Por unha contratación digna e de calidade!**